

NOME DA ACTIVIDADE(ficha profesorado)

- **Frases incompletas**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE DESINHIBICIÓN**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **INDIVIDUAL E EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Preguntas e respostas de información persoal e coñecemento doutras persoas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado coñeza de xeito máis intenso ás e aos participantes do grupo.
- Que o alumnado cree debate e reflexión no grupo ademais de favorecer a comunicación no grupo.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS A TER EN CONTA

- Recoméndase a lectura en voz alta para todo o grupo de cada exercicio.
- Neste exercicio debe promoverse a elaboración de textos canto máis delirantes mellor, o que se busca é a desinhibición, polo tanto, a diversión dos alumnos e a cohesión do grupo.
- Primeiro desenvolverase a actividade por parellas e despois podemos facer unha posta en común aleatoria, saltando duns participantes a outros ou incluso pedindo voluntarios.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Nesta actividade o alumnado disporá deberá cubrir a ficha individualmente coas súas opcións persoais.

Despois deberán xuntarse por parellas e intercambiaranse as fichas. A finalidade é que cada alumno coa ficha dun compañeiro elabore un texto xuntando as súas respostas.

Na última parte da actividade pódense comentar as frases en gran grupo para poñer en común experiencias e para fomentar o coñecemento de todas as persoas do grupo.

MATERIAIS PARA A FICHA

<ul style="list-style-type: none">• Necesito saber...

<ul style="list-style-type: none">• Cando entro nun sitio novo...

<ul style="list-style-type: none">• Lamento...
--

<ul style="list-style-type: none">• Teño medo...
--

<ul style="list-style-type: none">• Estou orgulloso de...

<ul style="list-style-type: none">• Unha cousa boa que me ocorreu hai pouco é...
--

<ul style="list-style-type: none">• Camiñaría 20 km para...

<ul style="list-style-type: none">• Para min Deus...
--

<ul style="list-style-type: none">• Isto do sexo...

<ul style="list-style-type: none">• Gustaríame ser...

<ul style="list-style-type: none">• A vida é...

<ul style="list-style-type: none">• Se eu fose presidenta ou presidente da Xunta...

<ul style="list-style-type: none">• Se soubesen os meus amigos que eu...
--

<ul style="list-style-type: none">• Se me tocasen 30 millóns...

<ul style="list-style-type: none">• A profesión que máis me gusta...
--

<ul style="list-style-type: none">• Interésame...
